

EAPN - Galicia celebra o I ENCONTRO GALEGO DE CIDADANÍA INCLUSIVA

A Rede Galega Contra a Pobreza promove este primeiro encontro de participación

O sábado 10 de abril, no Centro Sociocultural de Fontiñas de Santiago de Compostela, celebrárase o **I Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva** enmarcado dentro da Estratexia de Inclusión Social Europea. A actual situación de crise, así como a redefinición da política social europea unha vez constatada a imposibilidade de acadar os obxectivos establecidos pola estratexia de Lisboa, fan a participación de todos unha obriga maior.

Entre os obxectivos da Rede Galega Contra a Pobreza atópase a **aposta polo coñecemento e o acceso aos dereitos de todas as persoas, así como pola participación das persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social e o debate informado**, co obxectivo final do empoderamento das persoas.

É por isto que o vindeiro día 15, **as conclusións deste I Encontro serán levadas ao Parlamento de Galicia**, onde unha delegación dos participantes acompañados pola Directiva de EAPN Galicia trasladarán as súas propostas sobre Cidadanía e Igualdade á **Presidenta do Parlamento e aos Portavoces dos tres Grupos Parlamentarios**.

Dereitos Fundamentais dende a perspectiva das persoas en situación ou risco de exclusión

As entidades participantes ofreceron a posibilidade de asistir a este encontro ás persoas dos colectivos cos que traballan, realizando unha preparación previa dos temas a debate cos participantes. Ditos temas de debate foron seleccionados de entre o **Catálogo de Dereitos da Unión Europea**, propostos pola Organización do Encontro estatal de Participación que se celebrará en Madrid en xuño de 2010.

En Galicia o Encontro versará sobre os dereitos de Igualdade e Cidadanía nos seus significados máis amplos: **Igualdade** ante a lei, non discriminación, diversidade cultural, relixiosa e lingüística, igualdade entre homes e mulleres, dereitos do menor, dereitos das persoas maiores, integración de persoas discapacitadas. **Cidadanía**: Dereito a ser elector e elixible nas eleccións, dereito a unha boa administración, de acceso aos documentos, Defensor do Pobo, dereito de petición, liberdade de circulación e residencia, protección diplomática e consular.

EAPN European Anti Poverty Network – Rede de Loita Contra a Pobreza

A *European Anti Poverty Network*, xurde coma coalición independente de ONG e outros grupos involucrados na loita contra a pobreza e a exclusión social nos estados membro da **Unión Europea**. A Rede Europea cumprirá en decembro do presente ano os seus **vinte anos** de traballo activo, pois naceu en 1990, sendo dende o primeiro momento **órgano de consulta do Consello de Europa**.

En España, **EAPN-Es**, traballa dende 2004 para trasladar este obxectivo á realidade española, e incidir nas políticas, tanto no nivel europeo, apoiando á Rede continental, coma no estatal e no autonómico, apoiando ás Redes territoriais.



EAPN Galicia, ou Rede Galega Contra a Pobreza, constituíuse en setembro de 2008, e acolle xa a **catorce entidades** de recoñecida traxectoria e solvencia no eido da atención e recoñecemento de dereitos na esfera do social:

Fundación Secretariado Gitano - Fundación Meniños - Cruz Vermella - Down Galicia:
Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down - Asociación Plataforma polo Emprego - FEAFES: Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia - COGAMI: Confederación Galega de Persoas con Discapacidade - IGAXES3: Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector - Emaus Fundación Social - Cáritas Diocesana de Ourense - Cáritas Diocesana Tui-Vigo - Federación Autismo Galicia - Asociación Galicia Acolle - ACCEM Galicia.